

PLAN DE ENSINO VIRTUAL

CEIP PLURILINGÜE SANTA EULALIA
DE DUMBRÍA

CURSO 2020/2021



1. Introducción.

Atendendo ás instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o centro ten que elaborar un plan de ensino virtual atendendo a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permita continuar co proceso formativo do alumnado ante posibles casos de confinamento.

2. Horario espello autorizado polo servizo de inspección educativa.

Este horario está dirixido ao alumnado e profesorado de terceiro curso de educación primaria en diante. Cada área está repartida nun 60% de docencia virtual en xornada de mañá, e o 40% restante, será realizada polo alumnado na xornada de tarde:

HORARIO 3º/4º

DOCENCIA VIRTUAL – 60%					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10.00-10.30	MATEMÁTICAS	CIENCIAS DA NATUREZA	VALORES/RELIXIÓN	CIENCIAS DA NATUREZA	INGLÉS
10.30-11.00	MÚSICA	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA
11.00-11.30	EDUCACIÓN FÍSICA	MATEMÁTICAS	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ
11.30-12.00	DESCANSO				
12.00-12.30	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS
12.30-13.00	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LIBRE CONFIGURACIÓN
13.00-13.20	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER
13.20-14.20	TUTORÍAS				
REALIZACIÓN DE TAREFAS – 40%					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14.50-15.10	MATEMÁTICAS	CIENCIAS DA NATUREZA	VALORES/RELIXIÓN	CIENCIAS DA NATUREZA	INGLÉS
15.10-15.30	MÚSICA	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA
15.30-15.50	EDUCACIÓN FÍSICA	MATEMÁTICAS	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ
15.50-16.10	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS
16.10-16.30	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LIBRE CONFIGURACIÓN



HORARIO 5º/6

DOCENCIA VIRTUAL – 60%					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10.00-10.30	MATEMÁTICAS	INGLÉS	PLÁSTICA	INGLÉS	MATEMÁTICAS
10.30-11.00	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	VALORES/RELIXIÓN	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA
11.00-11.30	CIENCIAS DA NATUREZA	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS DA NATUREZA	LINGUA GALEGA
11.30-12.00	DESCANSO				
12.00-12.30	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS
12.30-13.00	INGLÉS	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	LIBRE CONFIGURACIÓN
13.00-13.20	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER	TEMPO DE LER
13.20-14.20	TITORÍAS				
REALIZACIÓN DE TAREFAS – 40%					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14.50-15.10	MATEMÁTICAS	INGLÉS	PLÁSTICA	INGLÉS	MATEMÁTICAS
15.10-15.30	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	VALORES/RELIXIÓN	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA
15.30-15.50	CIENCIAS DA NATUREZA	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS DA NATUREZA	LINGUA GALEGA
15.50-16.10	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS
16.10-16.30	INGLÉS	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	LIBRE CONFIGURACIÓN

3. Metodoloxía.

A metodoloxía para levar a cabo estes horarios é a seguinte:

- Establecemento de docencias virtuais a través das plataformas institucionais (Webex, Falemos), por parte dos titores correspondentes seguindo o horario establecido para tal fin.
- O horario establecido respectará unha carga lectiva do 60% de docencia virtual e do 40% correspondente ás tarefas a realizar polo alumnado. Debido aos posibles problemas de conexión, a docencia virtual realizarase en xornada de mañá dun xeito continuo, cun descanso de 30 minutos,



establecendo as mínimas reunións posibles por día, para que así o alumnado non teña que desconectarse e volver a conectar, reducindo posibles perdas de tempo por problemas de conexión.

- Envío, a través de Abalar, do enlace da reunión ao profesorado e alumnado por parte dos titores ou outro docente participante coa suficiente antelación para a súa conexión.
- Emprego da aula virtual na que se atoparán os contidos de cada área organizados por cursos. Ademais, o alumnado disporá das tarefas propostas polo profesorado. A través desta aula, comprobaranse os traballos realizados polo alumnado.

4. Procedemento no caso de peche ou confinamento.

Os pasos a seguir no caso de peche ou confinamento serán os seguintes:

- O mesmo día do peche ou confinamento a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

4.1. En terceiro curso de educación primaria en diante:

- Habilitarase na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais e trasladarase orientación ás familias.
- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles:
 - Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios (Webex, Falemos).



- Aula virtual do centro, que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.

- O profesorado e alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión establecerase coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.
- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

4.2. En educación infantil e primeiro e segundo de educación primaria:

- Contacto semanal co alumnado a través de videoconferencia (Webex/Falemos).
- Correo electrónico, incluíndo as videochamadas cando os casos o requiran. Tamén se poderá facer grupos a nivel de titoría a través de distintas aplicacións.
- Aulas dixitais das editoriais.
- Páxina web do centro, onde se exporán as actividades para o alumnado de xeito semanal, correctamente organizadas por cursos. Estas actividades sempre estarán a disposición da comunidade educativa para consultar en calquera momento.
- Colaboración co Concello de Dumbría, para trasladar as actividades impresas do alumnado aos seus fogares para aquelas familias que así o soliciten por falta de recursos ou medios.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbria

Dumbria (Santa Baia)

15151 Dumbria (Santa Baia)

☎ 881880654 📠 881880656

ceip.santaaulalia.dumbria@edu.xunta.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantaaulaliadumbria/>



4.3. Atención á diversidade:

A orientadora do centro velará polo cumprimento de atención á diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

- En terceiro curso de educación primaria en diante, seguirase o procedemento descrito no apartado 4.1. As mestras de PT e AL seguiranse o seus horarios habituais establecidos no réxime presencial.
- En educación infantil e primeiro e segundo de educación primaria, seguirase o procedemento descrito no apartado 4.2.

5. Distribución medios informáticos.

O mesmo día do peche, tendo en conta a listaxe de recursos dos que dispoñen as familias nos seus fogares e que foi cuberta e entregada ao centro a principio de curso, a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir, unha vez esgotados os recursos tecnolóxicos do propio centro. A inspección trasladará a Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata.

Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como ANEXO I.



Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

6. Control de asistencia e avaliación.

Para terceiro curso de educación primaria en diante, establecerase o control de asistencia diariamente polo profesor mediante as ferramentas habituais.

Para o resto dos cursos, procurarase ter un contacto diario co alumnado a través das diferentes plataformas e aplicacións, coa intención de que non se produza ningún tipo de desconexión por parte do alumnado.

Cada titor/a e especialista levará un rexistro das diferentes actividades baseadas na participación, realización de tarefas, asistencia, probas, traballos e outros.

7. Formación e información.

Actualmente o claustro de profesores do CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría está en proceso de formación a nivel interno en ferramentas tecnolóxicas docentes. De ter o caso de profesorado que non teña competencia suficiente no manexo das novas tecnoloxías, no centro hai profesorado suficiente para axudar e actualizar a este profesorado.

Promoveranse actividades de información e formación necesarias para que o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

Dumbría (Santa Baia)

15151 Dumbría (Santa Baia)

☎ 881880654 📠 881880656

ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantaeulaliadumbria/>



O profesorado de cada área experimentará no centro co alumnado o uso dos medios de comunicación telemática no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.

O presente Plan foi elaborado pola dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente e aprobado definitivamente pola dirección con data do 09 de novembro de 2020, contando coa preceptiva supervisión e autorización do servizo de inspección educativa.

O director

Daniel Mato Neira



ANEXO I

Eu, D./Dna. _____ con DNI _____
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____ do
centro educativo _____ recibín en
réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo
durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas
condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE
--------	--------	--------------

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

E para que así conste, asino este documento

En _____, a ____ de _____ de _____

Entregado ao centro educativo con data ____ / ____ / ____